

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chain Fernández, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 4 de decembro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación e apertura dunha exposición, venda e taller de reparación de automóbiles, rama mecánica na rúa do Vidro, Parque Empresarial IN-F, rúeiro F, parcela 9.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas 3. licenzas de obra: proposta de concesión de licenza para a construción dunha nave industrial de planta baixa sen uso definido en solo urbano, na rúa da Industria, parcelas 109-110-B, para a rehabilitación e reforma de vivenda unifamiliar e alpendre e restauración de hórreo, no núcleo rural 11.4 Vilanova, parroquia de Bóveda (Santalla de Bóveda de Mera) e para legalización de ampliación de vivenda, redistribución interior e modificación de posición de vivenda con licenzas 1035/06, 340/07, 240/07, 1687/10, 497/12, 916/12 e 917/12, no núcleo rural tradicional de Cardelle, parroquia de San Xoán de Tirimol.

Acórdase a rectificación erro no acordo número 5/151, adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 13 de marzo de 2013, para edificio sito na avenida da Coruña, números 490-492, e avenida Paulo Fabio Máximo, números 2-4-6-8, con licenzas de obra números 53/09 e 133/13.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

Código Seguro de verificación: 2+ue8YAUn1SNKv04hEf1Dg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	17/12/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	2+ue8YAUn1SNKv04hEf1Dg==	PÁGINA 1/2



3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realización de horas extraordinarias por unha traballadora adscrita ao Servizo de Enxeñería e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para realización de horas extraordinarias por persoal adscrito ao Servizo de Contabilidade e a aprobación da forma de compensación.

Así mesmo, acórdase a autorización para realización de horas extraordinarias por unha traballadora adscrita á Unidade Augas e a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acórdase a autorización para realización de horas extraordinarias por persoal laboral adscrito á Unidade de Augas e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para realización de horas extraordinarias por unha traballadora adscrita á Sección de Cultura e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase o nomeamento para desempeñar en comisión de servizos o posto de Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:


- Aceptación de escrito sobre abstención de nomeamento como secretario, no expediente disciplinario aberto a un funcionario e nomeamento dun novo secretario.

- Pésame polo pasamento do Alcalde de Viveiro.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Zona Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.

Código Seguro de verificación:2+ue8YAUN1SNKv04hEf1Dg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	17/12/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	2+ue8YAUN1SNKv04hEf1Dg==	PÁGINA 2/2


2+ue8YAUN1SNKv04hEf1Dg==